

Á MESA DA COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García** e da súa deputada **Flora Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia número 27331 (10/PNC 002114)**, incluída na orde do día da devandita Comisión que se vai celebrar o 22 de marzo de 2019.

Emenda de substitución:

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a celebrar unha mesa de negociación entre representantes dos mexilloeiros, comisión do mexillón, e os representantes dos percebeiros, co obxectivo de acadar un acordo que permita mellorar os mecanismos e ordenación da extracción de mexilla na costa galega”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 20/03/2019 13:56:08

Antón Sánchez García na data 20/03/2019 13:56:17





Á MESA DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García** e da súa deputada **Flora Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia número 46885 (10/PNC 003769)**, incluída na orde do día da devandita Comisión que se vai celebrar o 22 de marzo de 2019.

Emenda de substitución:

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas oportunas para cubrir a financiación das axudas técnicas ás confrarías galegas afectadas pola denegación da Consellería do Mar, de forma que se garanta a súa viabilidade económica e produtiva.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 20/03/2019 17:07:30

Antón Sánchez García na data 20/03/2019 17:07:38



Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas medidas establecidas pola Unión Europea para evitar o sometemento das pesqueiras aos efectos das denominadas “especies de estrangulamento”, así como respecto da posibilidade de aplicación das medidas adicionais propostas (doc. núm. 46889).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa, o primeiro parágrafo débese substituír polo seguinte contido:

- Eliminación da limitación dos días de actividade no plan actual de recuperación da pescada.

Emenda de modificación

O terceiro parágrafo da parte resolutiva da iniciativa débese desagregar en dous que terán o seguinte contido:

- Aumento das porcentaxes de flexibilidade nos intercambios de cota entre zonas, con especial atención ao aumento das cifras marcadas para a anchoa entre as zonas VIIIc e IXa.
- Aumento das porcentaxes de flexibilidade nos intercambios de cota entre zonas, con especial atención ao aumento das cifras marcadas para o xurelo entre as zonas VIIIc e IXa.

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 21/03/2019 17:05:10





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:19:37
Nº Registro: 48023
Data envío: 21/03/2019 17:19:37.709

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/03/2019 17:05:27

CSV: vQ7fdPAzL2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no relativo á exención da pesca artesanal dos sistemas de totais admisibles de capturas e cotas (45063).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa, o punto 1 débese substituír polo seguinte contido:

“1. Darlle prioridade á flota artesanal no establecemento das taxas e cotas. No caso de que estas se vexan reducidas, que esta redución non afecte á frota artesanal.”

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 21/03/2019 17:06:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/03/2019 17:06:19



Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 10 do actual Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca co fin de outorgar seguridade xurídica á concesión de achegas ao sector marítimo-pesqueiro (doc. núm. 46885).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar todas as medidas necesarias, e dotar de recursos ás confrarías de Carril, Vilaxoán, Rianxo, Aldán, Ferrol e Barallobre para que poidan levar a cabo actuacións que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 21/03/2019 17:08:08





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:20:09
Nº Rexistro: 48025
Data envío: 21/03/2019 17:20:09.858

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/03/2019 17:08:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: mIPd60gRt1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do Real decreto 28/2019 nas cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do mar (doc. núm. 47471)

Emenda de modificación

O contido da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Goberno central que nas negociacións iniciadas entre o Instituto Social da Mariña, as confrarías provinciais, a federación galega e a federación nacional de confrarías de pescadores, se avalíen as melloras das condicións dos traballadores do mar, de xeito que ese aumento nas cotas de cotización reflecta en novas melloras sociais”

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 21/03/2019 17:16:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/03/2019 17:16:49



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Soraya salorio Porral, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002114 (27331)**, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter a autorización da extracción da mexilla e doutras especies nas zonas de especial sensibilidade para o percebe.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar traballando na revisión da actividade da extracción de mexilla xunto cos dous sectores implicados de cara a adecuar a súa compatibilidade e asegurar o seu histórico entendemento, beneficio mutuo e salvagarda dos intereses do sector bateiro e percebeiro.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:45:29
Nº Rexistro: 48038
Data envío: 21/03/2019 17:45:29.804**

Pedro Puy Fraga na data 21/03/2019 17:16:11

María Soraya Salorio Porral na data 21/03/2019 17:16:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: 1GRW7h6VJ1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 46668 **(10/PNC-003752)** sobre a realización por parte do Goberno galego das actuacións precisas para garantir a operatividade da base de salvamento marítimo da Costa da Morte cos medios humanos e aéreos necesarios as vinte e catro horas do día os trescentos sesenta e cinco días do ano

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar de inmediato todas as accións precisas diante do Ministerio de Fomento para que a base de Salvamento Marítimo, dependente dese Ministerio, na Costa da Morte estea operativa a base de salvamento marítimo, con medios aéreos e humanos que actúen durante as 24 horas do día os 365 días do ano.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/03/2019 16:52:21



Martín Fernández Prado na data 21/03/2019 16:52:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea, con número de rexistro **47471 (10/PNC-003845)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do Real decreto 28/2019 nas cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do mar, que figura na orde do día da Comisión 8ª, prevista para o vindeiro 22 de marzo de 2019.

Emenda de adición

Engadir un novo punto:

“Demandar ao ISM que no prazo máximo dun mes remita un informe a todas as confrarías de Galiza e a este Parlamento, no que se clarifique cales son os diferentes situacións de protección social real das xentes do mar: redeiras, mariscadoras, baixura, altura... e as cuantías das cotizacións de cada grupo.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 17:04:49

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 17:04:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **46889 (10/PNC-003771)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas medidas establecidas pola Unión Europea para evitar o sometemento das pesqueiras aos efectos das denominadas "especies de estrangulamento", así como respecto da posibilidade de aplicación das medidas adicionais propostas, que figura na orde do día da Comisión 8ª, prevista para o vindeiro 22 de marzo de 2019.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a eximir a pesca costeira artesanal galega da aplicación de tacs de cuotas e da obriga de desembarque de descartes.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 17:34:20

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 17:34:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **46885 (10/PNC-003769)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 10 do actual Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca co fin de outorgar seguridade xurídica á concesión de achegas ao sector marítimo-pesqueiro, que figura na orde do día da Comisión 8ª, prevista para o vindeiro 22 de marzo de 2019.

Emenda de adición

Engadir o seguinte punto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar todas as accións precisas(revocando a non admisión dos proxectos, sinatura dun convenio, nova orde de axudas...) para dotar as confrarías de Rianxo, Carril, Vilaxoán, Aldán, Ferrol e Barallobre dos recursos económicos similares aos que tiñan previsto percibir polos proxectos presentados á Orde do 7 de setembro pola que se establecían as bases reguladoras xerais e se convocaban para 2018, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP) que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conservación dos recursos mariños e dos ecosistemas, así como do fomento da sensibilización ambiental.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 17:08:18

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 17:08:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **27331 (10/PNC-002114)**, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter a autorización da extracción da mexilla e doutras especies nas zonas de especial sensibilidade para o percebe, que figura na orde do día da Comisión 8ª, prevista para o vindeiro 22 de marzo de 2019.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que realice un estudo sobre o modelo de aproveitamento de cría de mexillón, de xeito que se determine en que zonas se pode proceder á súa extracción sen poñer en risco o percebe. Nas zonas onde o estudo determine que sexa compatíbel, fomentará a realización dun plan de explotación nas confrarías respectivas para levar a cabo polo sector do percebe.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 17:05:13

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 17:05:17

